

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISORIAL ELEVADA A DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN A XORNADA COMPLETA, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SOBRADO (PEL-CONCELLOS 2020). NOMEAMENTO DE TRIBUNAL, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

EXPEDIENTE ORIXE: 2020/A008/000013.

EXPEDIENTE DECRETO: 2020/G003/000268.

Mediante Decreto de Alcaldía Nº 247/2020, do 22/07/2020, aprobouse a convocatoria e bases do concurso-oposición para a contratación dun peón a xornada completa, para a realización de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Sobrado (PEL 2020).

A convocatoria e as súas bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado e na súa páxina web (www.sobrado.es) e posteriormente púxose a pertinente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Melide. Unha vez transcurrido o prazo de presentación de instancias, e visto que toda a documentación achegada polos aspirantes foi presentada en tempo e forma, a base sexta establece que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as terá carácter definitivo no caso de non ter defectos que emendar.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 215 a 217 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei de facendas locais, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos do proceso selectivo:

Admitidos/as:

APELIDOS E NOME	NIF	CELGA
LORENZO CONDE, M ^a DE LOS ÁNGELES	***8300**	NON
RODRÍGUEZ BUJÁN, MARÍA LUISA	***1142**	NON

Excluídos/as: Ningún/ha.

SEGUNDO.- Designar aos membros do Tribunal Cualificador que serán os seguintes:

Presidente: D. Jesús Ramón Varela García (Empregado público do Concello de Sobrado).

Suplente: D. Luís García Vázquez (Empregado público do Concello de Curtis).

1º Vogal: Dª. Ana María Vallo Camba (Empregada pública do Concello de Boimorto).

Suplente: D. Luís González Guerra (Empregado público do Concello de Boimorto).

2º Vogal: Dª. Marta Mª Roca Souto (Empregada pública do Concello de Curtis).

Suplente: D. Jesús Sánchez García (Empregado público do Concello de Curtis).

3º Vogal: Dª. Guadalupe Vázquez Ascariz (Empregada pública do Concello de Toques).

Suplente: Dª. Mónica Seijas Rei (Empregada pública do Concello de Toques).

Secretaria: Dª. María Ermitas Sánchez González (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Suplente: Dª. Alejandra D. Fandiño Sánchez (Empregada pública do Concello de Sobrado).

TERCEIRO.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador para a súa constitución, o día 4 de Agosto de 2020, ás 08:45 horas, nas oficinas municipais do Concello de Sobrado, ao obxecto de realizar a valoración de méritos da fase de concurso e seguidamente proceder a realizar a fase de oposición no Concello de Sobrado, as 09:00 horas, ós/ás aspirantes.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes para que concurran ao Concello de Sobrado, o día 4 de Agosto de 2020, ás 09:00 horas, ó obxecto de realizar a proba práctica (fase de oposición) e, no seu caso, a proba oral de coñecemento de galego.

QUINTO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, aos efectos oportunos.

Mandao e asinao, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, como secretaria-interventora, dou fe.

O alcalde
accidental

A secretaria

Luis Lisardo Santos Ares
González

Mª Ermitas Sánchez

CVD: 6hGL4kkZiiHhuF92mdy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.